

MEMORIA

2020/2022

DESEÑO ESTRATÉGICO

2023/2030



Grao en Dirección e Xestión Pública

Universidade de Vigo



COORDINADOR DOCUMENTO_

Enrique José Varela Álvarez

EQUIPO REDACTOR_

Óscar Briones Gamarra

Celso Cancela Outeda

Álvaro Xosé López Mira

Xosé María Mahou Lago

Soraya Rodríguez Losada

Enrique José Varela Álvarez

INDEX

» MEMORIA 2020-2022 /PX.4

1. SOMOS DXP /PX.5
PRESENTACIÓN
CRONOGRAMA
2. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS 2030 /XG.8
3. ONDE ESTAMOS /PX.10
4. OFERTA ACADÉMICA /PX.11
5. EQUIPO DXP. DEPARTAMENTOS. INVESTIGACIÓN /PX.12
6. ALUMNADO. PRESENCIAL E VIRTUAL /PX.16
ALUMNADO PRESENCIAL
ALUMNADO VIRTUAL
DELEGACIÓN ALUMNADO
ALUMNI
7. PRÁCTICAS PRE-PROFESIONAIS /PX.18
8. MOVILIDADE ACADÉMICA INTERNACIONAL /PX.22
9. VISITAS ACADÉMICAS DXP /PX.24
10. ACTIVIDADES LONG LIFE LEARNING /PX.25
11. ALIANZAS /PX.26

» DESEÑO ESTRATÉXICO 2023-2030 /PX.28

12. AXENDA ESTRATÉXICA 2023-2030 /PX.29
13. DIRECTORIO /PX.36
14. AGRADECIMENTOS /PX.38



MEMORIA

2020/2022



1.0

SOMOS DXP



SOMOS UNHA ESCOLA UNIVERSITARIA DE EDUCACIÓN SUPERIOR DE FORMACIÓN DE PROFESIONAIS EN DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA EN/PARA O SECTOR PÚBLICO, SOCIAL E PRIVADO DE GALICIA, ESPAÑA, AMÉRICA LATINA E A LUSOFONÍA

MISIÓN. ADESTRAR EN COÑECEMENTOS CRÍTICOS, COMPETENCIAS E HABILIDADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN AOS/ÁS PROFESIONAIS DAS ORGANIZACIÓNS PÚBLICAS E AOS DO SECTOR SECTOR PRIVADO E SOCIAL QUE TRABALLAN EN PROXECTOS PÚBLICOS INTERINSTITUCIONAIS



VISIÓN. ACADAR MELLORAR A APRENDIZAXE DOS E DAS PROFESIONAIS IMPLICADOS NOS ASUNTOS PÚBLICOS E NA SOLUCIÓN DOS PROBLEMAS COMPLEXOS E COLECTIVOS DUN ESTADO NOS CONTEXTOS LOCAIS E GLOBAIS

CRONOGRAFÍA



Facultade de
Dirección e Xestión Pública
Universidade de Vigo

2.0

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Os obxectivos estratéxicos da Facultade de Dirección e Xestión Pública da Universidade de Vigo, están aliñados co seu Plan Estratéxico 2021-2026, que se encadra na Axenda 2030 e nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

PLAN ESTRATÉXICO 2021-2026



Sendo conscientes da interrelación entre os 17 ODS, dous son os que, preferentemente, van guiar a planificación da nosa Facultade: o ODS 16 e o ODS 17.

O **ODS16**, como razón de ser, misión e visión dunha institución pública de educación superior que promove a xustiza social, a paz e as institucións sólidas. Para iso, axuda a formar a profesionais do sector público e dos sectores privados e sociais que traballan con el en competencias, habilidades e destrezas que desenvolvan ecosistemas de cooperación institucional orientados a resolver problemas colectivos.

O ODS17 define os principios das necesarias alianzas que deben crearse entre os actores sociais, políticos, administrativos e económicos co fin de alcanzar os obxectivos establecidos.



ODS 16
PAZ, XUSTIZA E
INSTITUCIÓNS
SÓLIDAS

ODS 17
ALIANZAS PARA
ACADAR
OS OBXECTIVOS



ODS 4
EDUCACIÓN
DE CALIDADE



ODS 5
IGUALDADE DE
XÉNERO



ODS 10
REDUCCIÓN DAS
DESIGUALDADES



ODS 11
CIDADES E
COMUNIDADES
SOSTIBLES



ODS 13
ACCIÓN
POLO CLIMA



ODS 8
TRABALLO DECENTE
E CRECIMENTO
ECONÓMICO

3.0

ONDE ESTAMOS



UBICACIÓN ///



UBICACIÓN FÍSICA

Facultade de Dirección e Xestión Pública
(antiga Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación)
Campus Universitario de Pontevedra. A Xunqueira, Pontevedra (Galicia, España)



UBICACIÓN VIRTUAL

WEB FACDXP
<https://webfdxp.webs.uvigo.es/gl/>

WEB GRAO VIRTUAL
<http://direccionygestionpublica.uvigo.es/es/>

WEB MÁSTER DIRECCIÓN PÚBLICA E LIDERADO INSTITUCIONAL
<https://masterdireccionyliderazgo.webs.uvigo.es/>

REDES SOCIAIS



4.0

OFERTA ACADÉMICA



GRAO PRESENCIAL

DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA



GRAO VIRTUAL

DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA



MÁSTER VIRTUAL

DIRECCIÓN PÚBLICA E LIDERADO INSTITUCIONAL



DOUTORADO

CREATIVIDADE, INNOVACIÓN SOCIAL E SOSTIBLE



5.0

EQUIPO DXP

EQUIPO DECANAL

DECANO
Enrique José Varela Álvarez

SECRETARIO ACADÉMICO
Óscar Briones Gamarra

VICEDECANA ORZAMENTOS, MOBILIDADE INTERNACIONAL E CALIDADE
Soraya Rodríguez Losada

VICEDECANO VIRTUALIZACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA
Xosé María Mahou Lago

SECRETARÍA DO DECANATO
Personal de Administración e Servizos



DEPARTAMENTOS & INVESTIGACIÓN



OBSERVATORIO DE GOBERNANZA G3

6.0

ALUMNADO

ALUMNADO PRESENCIAL ///

«25

A modalidade presencial do Grao en Dirección e Xestión Pública está orientada ao alumnado que provén das probas de ABAU e dos Ciclos de Formación Profesional interesados en traballar nas administracións públicas de Pontevedra, Galicia, España e a Unión Europea. A formación do Grao presencial axuda tamén a desenvolver competencias laborais para o traballo profesional en xestorías administrativas, empresas de consultoría, así como do sector social.

A formación universitaria, pública e de calidade, impártese en grupos reducidos con atención personalizada a través de metodoloxías avanzadas que permiten traballar en equipo as competencias, habilidades e destrezas necesarias para as organizacións públicas, privadas e sociais actuais.



ALUMNADO VIRTUAL ///

»25

GRAO. A modalidade virtual do Grao en Dirección e Xestión Pública está orientada á formación en competencias, habilidades e destrezas de traballo en equipo e resolución de problemas nas institucións públicas, organizacións privadas e do terceiro sector.

É un título destinado a mellorar as habilidades “duras” e “brandas” dos e das profesionais do sector público, galego, español, latinoamericano e lusófono, así como daquelas outras persoas que desexen formarse en capacidades éticas e críticas de apoio aos colectivos desfavorecidos dos seus respectivos contextos socioeconómicos.

Programa destinado a achegar ás persoas desempregadas e “seniors” unha perspectiva transversal da complexidade dos nosos sistemas sociais, políticos e administrativos, co fin de conseguir mellorar a súa calidade como cidadanía activa e comprometida coa súa contorna.



MÁSTER. O Máster “virtual” en Dirección Pública e Liderado Institucional é un programa de posgraduado oficial, público e de calidade, recoñecido polo alumnado e os/as egresados/as da Universidade de Vigo como un dos seus mellores programas formativos.



Destinado a profesionais dos sectores público, privado e social de Galicia, España, América Latina e a Lusofonía, adestra ás súas persoas participantes en capacidades de análise crítica da contorna política e administrativa, dotándoos de habilidades e destrezas de pensamento-acción para a toma de decisións nos nosos ecosistemas locais e globais complexos.



DELEGACIÓN ALUMNADO E ALUMNI ///

A delegación de alumnado da Facultade de Dirección e Xestión Pública intégrana un grupo de alumnos e alumnas das modalidades presencial e virtual do Grao en Dirección e Xestión Pública e do Máster “virtual” en Dirección Pública e Liderado Institucional.

A súa misión é achegar a visión do alumnado que forma a #comunidadeDXP en Pontevedra, Galicia, España e América Latina aos títulos presentes e futuros da FACDXP, así como axudar a deseñar e colaborar nas diferentes actividades de formación complementaria, debate, acción social e cultural que se poñen en marcha ao longo de cada curso académico.

Os “AlumniDXP” intégrano o alumnado graduado e posgraduado dos títulos da Facultade de Dirección e Xestión Pública que conseguiu concluír os seus estudos integrando a persoal dos concellos, deputacións provinciais, administracións autonómicas e do Estado, así como de grandes e medianas empresas e en réxime de autónomos, e de asociacións do terceiro sector do mercado laboral galego, español e latinoamericano.

Como parte da “Comunidade Alumni-Uvigo” a idea é crear unha comunidade activa que axude á sustentabilidade dos títulos de Grao e Posgraduado, así como á mentoría do alumnado recentemente titulado, propoñendo para iso actividades “long-life learning” que resulten de interese para a #comunidadeDXP e a mellora das súas competencias e habilidades profesionais e sociais, co obxectivo posto na mellora da sociedade á que servimos.



Fonte: Faro de Vigo

7.0 PRÁCTICAS PRE-PROFESIONAIS

O obxectivo da educación superior é a formación de profesionais que estean orientados á resolución de problemas sociais, políticos e administrativos nas organizacións que traballan en ou para o sector público.

Para iso a **Facultade de Dirección e Xestión Pública** conta con un programa de prácticas profesionais curriculares e extracurriculares que se puxo en marcha nos primeiros anos da Diplomatura e dende o inicio do **Grao en Dirección e Xestión Pública** desenvolveu actividades de adestramento no posto de traballo de

- CONCELLOS
- DEPUTACIÓNS
- ORGANISMOS DO ESTADO
- XESTORÍAS ADMINISTRATIVAS
- EMPRESAS CONSULTORAS PÚBLICO-PRIVADO-SOCIAL
- ASOCIACIÓNS TERCEIRO SECTOR



Organizacións participantes no programa de prácticas da **FACDXP** (2020-2022):

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Subdelegación do Goberno en Pontevedra
Xunta de Galicia

CONCELLOS

- | | |
|-------------------------------|---------------------------|
| Concello de Bueu | Concello de Poio |
| Concello de Cambados | Concello de Pontecaldelas |
| Concello de Cangas do Morrazo | Concello de Pontevedra |
| Concello de Carballo | Concello de Vilanova |
| Concello de Coristanco | Concello de Redondela |
| Concello de Dumbria | Concello do Rosal |
| Concello de A Illa de Arousa | Concello de Soutomaior |
| Concello da Laracha | Concello de Vigo |
| Concello de Marín | Mancomunidade do Ribeiro |
| Concello de Meaño | Mancomunidade do Salnés |
| Concello de Meis | |

TERCEIRO SECTOR

- Federación Galega de Balonmán
- Federación Galega de Fútbol
- Pontevedra C.F. S.A.D.
- Fundación Pontetec
- Fundación CTAG
- Fundación Ekai
- Fundación Galicia Europa Caneda
- Fundación Real Club Celta de Vigo
- Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional
- Partido Popular

ASESORÍAS & XESTORÍAS

- | | |
|--|-----------------------------------|
| Asesora Galega SL | González Posada y Asoc. SLU |
| Asesoría Salnés SL | González Posada y Hernández |
| Aselp Economistas SL | Gestoría SL |
| Caneda y Chamosa Asesores SL | Lema Gestión SL |
| Colexio Xestores Administrativos de Pontevedra | Nova Xestión SL |
| Entesar Solutions SL | Pablo Pontanilla Xestión Pemes SL |
| García-Alén Asesores SL | Ramil Gestoría Administrativa SL |
| Gestoría Carril Asesores SL | Serinte Consultoría Integral SL |
| Gil Villanueva SL | SMG Services and Consult SL |
| | Sueiro Asesores SL |

SECTOR PRIVADO

- Espacio Arroelo Coworking SL
- Escor SL
- Krack Zapaterías SL
- Neumáticos Fide SL

Enrique José Varela

7,217 Tweets



Retwitteaste
Delegación del Gobierno en Pontevedra · 19h
A subdelegada do Goberno en Pontevedra recibiu ao alumnado do Grao en Dirección e Xestión Pública que está a cursar prácticas externas na Subdelegación.

@maicalarriba subliñou a importancia deste plan formativo para o alumnado que proxecta a súa carreira na Administración.



Tweet



Qué gozada poder compartir proxecto educativo @GraoDXP @facdpx con @MariaDe_Gomez 🥰 #GraciasConcelloVigo #AlumnaPracticasDXP @vicereitoriaPO @uvigo



3:44 p. m. · 14 mar. 2022 · Twitter Web App

EVOLUCIÓN PRÁCTICAS ///

CURSO 20-21

| ENTIDADE | ÚLTIMA COLABORACIÓN | CONVENIO | Nº ALUMNOS/AS |
|---|---------------------|----------------------|---------------|
| XESCONTA. Asesoría | 2020-2021 | VIXENTE | 1 |
| TASMAR. Asesoría | 2020-2021 | VIXENTE | 1 |
| AGE. Subdelegación do Goberno | 2020-2021 | VIXENTE. 17/07/2020 | 3 |
| XUNTA DE GALICIA. Xulgados | 2020-2021 | VIXENTE | 1 |
| DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA | 2020-2021 | VIXENTE. Ata 2023 | 3 |
| CONCELLO DE VILAGARCÍA | 2020-2021 | VIXENTE | 1 |
| CONCELLO DE TUI | 2020-2021 | VIXENTE | 1 |
| CONCELLO DE SANXENXO | 2020-2021 | VIXENTE | 1 |
| MANOS UNIDAS. ONG | 2020-2021 | VIXENTE | 1 |
| SOGAPS. Solidariedade galega pobo saharai | 2020-2021 | VIXENTE . 12/11/2021 | 1 |

CURSO 21-22

| ENTIDADE | ÚLTIMA COLABORACIÓN | CONVENIO | Nº ALUMNOS/AS |
|--------------------------------|---------------------|---------------------|---------------|
| Autoridade Portuaria de Marín | 2021-2022 | VIXENTE | 1 |
| AGE. Subdelegación do Goberno | 2021-2022 | VIXENTE. 17/07/2020 | 3 |
| REDONTEX S.L. | 2021-2022 | VIXENTE | 1 |
| DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA | 2021-2022 | VIXENTE | 3 |
| CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA | 2021-2022 | VIXENTE. 20/06/2020 | 1 |
| CONCELLO DE SANXENXO | 2021-2022 | VIXENTE | 1 |
| GESTORÍA CARRIL | 2021-2022 | VIXENTE | 1 |
| PONTEASEORES | 2021-2022 | VIXENTE | 1 |
| CONCELLO DE VIGO | 2021-2022 | VIXENTE | 1 |
| COMUNIDADE DE AUGAS DO FREIXO | 2021-2022 | VIXENTE | 1 |

CURSO 22-23

| ENTIDADE | ÚLTIMA COLABORACIÓN | CONVENIO | Nº ALUMNOS/AS |
|---|---------------------|---------------------|---------------|
| AGE. Subdelegación do Goberno | 2022-2023 | VIXENTE | 3 |
| CONCELLO DE BUEU | 2022-2023 | VIXENTE | 1 |
| DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA | 2022-2023 | VIXENTE. 17/07/2020 | 3 |
| CONCELLO DE GONDOMAR | 2022-2023 | VIXENTE. 20/06/2020 | 1 |
| CONCELLO DE VIGO | 2022-2023 | VIXENTE | 1 |
| TASMAR. Asesoría | 2022-2023 | VIXENTE | 1 |
| ASTEM. Asesoría | 2022-2023 | VIXENTE | 1 |
| SIGA. Empresa de informática do Colexio de Xestores Administrativos | 2022-2023 | VIXENTE | 1 |
| HIPERMERCADOS FROIZ | 2022-2023 | VIXENTE | 1 |
| CONCELLO DE PONTEAREAS | 2022-2023 | VIXENTE | 1 |
| Alumnado que aínda non solicitou destino | | | 5 |



8.0

MOBILIDADE ACADÉMICA INTERNACIONAL

Unha das mellores experiencias que o alumnado da Universidade de Vigo pode vivir na súa etapa académica é a mobilidade nacional e internacional, para iso, e a través de diferentes programas europeos, estatais e autonómicos, están dispoñibles prazas e recursos económicos que permitan que o alumnado do **Grao en Dirección e Xestión Pública** poidan vivir outros contextos sociais e universitarios.

Dende a **Facultade de Dirección e Xestión Pública**, e en colaboración coa Oficina de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo, ofrécense programas de mobilidade

- ERASMUS (Unión Europea)
- SICUE (España)
- ERASMUS+ (América Latina e a Lusofonía)
- IACOBUS (Universidades públicas de Galicia e do Norte de Portugal)
- ISEP, International Student Exchange Program (USA)



Nos cursos 2021-2022 e 2022-2023 estas foron as prazas ocupadas:

CURSO 21-22

| PROGRAMA ERASMUS | |
|------------------|--|
| DESTINOS | 2 |
| UNIVERSIDADES | Libera Università Maria Ss. Assunta. Italia Jan Kochanowski University of Kielce. Polonia |

| PROGRAMA SICUE | |
|----------------|---|
| DESTINOS | 1 |
| UNIVERSIDADES | Universidad Complutense de Madrid. España |

CURSO 22-23

| PROGRAMA ERASMUS | |
|------------------|---|
| DESTINOS | 6 |
| UNIVERSIDADES | Karlstad University. Suecia Fachhochschule Bielefeld. Alemaña Università degli studi di Teramo. Italia 2 plazas Università degli studi di Padova. Italia Università degli studi di Salerno. Italia |



9.0

VISITAS ACADÉMICAS

O programa de visitas académicas da **Facultade de Dirección e Xestión Pública** foi deseñado para que o alumnado do Grao poida coñecer máis en profundidade as principais institucións políticas e administrativas da nosa contorna.

Entre as máis relevantes forman parte dun programa de visitas en constante crecemento:

- Parlamento de Galicia
- Valedora do Pobo
- Axencia Europea de Control da Pesca

Estudantes de Dirección e Xestión Pública visitando o Parlamento de Galicia e a Valedora do Pobo

O alumnado senta no escano para coñecer as institucións desde dentro

PROXECTOS: ENTIDADES COLABORADORAS / ESTUDANTES / MEDIOS / PAÍS / PÚBLICO EXTERNO / PONTEVEDRA
SINOPCIÓN: @STUDANTSDXPA



Grao en Dirección e Xestión Pública 45 min

Visita de estudos do 1º curso do Grao de **#DXP** á **Agrupación Europea de Cooperación (AECT) Territorial Galicia-Norte de Portugal** e a **Axencia Europea de Control da Pesca #uvigo**



Algunhas das actividades formativas Long-Life Learning (seminarios, exposicións, conferencias, xornadas) realizadas en 2020-2022

10.0

ACTIVIDADES LONG-LIFE LEARNING

MEMORIA A UNIVERSIDADE / COMUNICACIÓN / OUV / UNHA EXHIBIÇÃO EN CINCO PAÍSES POB EN VALOR A TRAXECTORIA DO NOBEL DA PAZ PROF. DR. FRITJOF NANSÉN

A mostra fotográfica "Remember Nansen" pode verse en: Día das Sociais e da Comunicación

Unha exposición en cinco países pon en valor a traxectoria do Nobel da Paz Fritjof Nansen

EXHIBIÇÃO DA UNIV. DE VIGÓ, 2020-2021. UNHA EXHIBIÇÃO EN CINCO PAÍSES POB EN VALOR A TRAXECTORIA DO NOBEL DA PAZ PROF. DR. CARLOS RAMÍREZ MATAZ

EXHIBIÇÃO DA UNIV. DE VIGÓ, 2020-2021. UNHA EXHIBIÇÃO EN CINCO PAÍSES POB EN VALOR A TRAXECTORIA DO NOBEL DA PAZ PROF. DR. CARLOS RAMÍREZ MATAZ

EXHIBIÇÃO DA UNIV. DE VIGÓ, 2020-2021. UNHA EXHIBIÇÃO EN CINCO PAÍSES POB EN VALOR A TRAXECTORIA DO NOBEL DA PAZ PROF. DR. CARLOS RAMÍREZ MATAZ



11.0

ALIANZAS

ALIANZAS INTRAORGANIZATIVAS ///

A crecente complexidade da xestión académica tras a implementación do Espazo Europeo de Educación Superior, así como a diversidade dos títulos (presenciais e virtuais) que se ofrecen dende a **Facultade de Dirección e Xestión Pública**, obrigan a desenvolver un modelo de xestión académica onde o "staff" do Persoal Docente e de Investigación e o Persoal de Administración e Servizos debe estar integrado e en permanente contacto e cooperación.

Este reto foi asumido pola Universidade, a Facultade e o Campus de Pontevedra creando para iso unha alianza intraorganizativa na que participan de maneira activa as unidades de xestión do Campus Universitario de Vigo, o Campus de Pontevedra, así como de maneira especial, e entre outros, a Oficina de Relacións Internacionais, a área de Emprego e Emprendemento, a área de Calidade ou o Diario da Universidade de Vigo (DUVI).



ALIANZAS INSTITUCIONAIS DO ECOSISTEMA DXP ///

Dando sentido aos obxectivos estratéxicos da Universidade de Vigo e no marco da Axenda 2030 e dos ODS, a **Facultade de Dirección e Xestión Pública** definiu un marco de alianzas que pretende reforzar o ecosistema institucional do Grao e o Máster en Pontevedra, Galicia, España, Europa, América Latina e a Lusofonía.

Para iso, e ao longo dos últimos anos, viñéronse asinando convenios de cooperación educativa con institucións públicas, privadas e sociais orientados a formar unha rede de alianzas pola Dirección e a Xestión Pública. Algúns exemplos das nosas alianzas son:

DESEÑO ESTRATÉGICO

2023/2030



12.0

AXENDA ESTRATÉGICA DXP

Baseado no Plan Estratégico da Universidade de Vigo (2021-2026), os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e a experiencia adquirida ao longo do proceso de institucionalización dos estudos de Dirección e Xestión Pública, na nosa Universidade (1999-2022), establécese a seguinte Axenda Estratégica da **Facultade de Dirección e Xestión Pública** para o período 2023-2030, en adiante “**AE-DXP: 23-30**”, cos obxectivos estratéxicos expostos de seguido:

OBXECTIVO 1

**INSTITUCIONALIZACIÓN COMPLETA:
VIRTUALIZACIÓN ACADÉMICA E INSTITUCIONAL
(FACULTADE HÍBRIDA E INNOVACIÓN EDUCATIVA)**

OBXECTIVO 2

**INTERNACIONALIZACIÓN TITULACIÓN DXP:
LATAM, LUSOFONÍA, UNIÓN EUROPEA**

OBXECTIVO 3

**DESENVOLVEMENTO DO VIVEIRO TALENTO
PÚBLICO JÚNIOR E SENIOR**

OBXECTIVO 4

**CREACIÓN COMUNIDADE DXP ALUMNADO-
ALUMNI: FORMACIÓN “LONG-LIFE-LEARNING”**

OBXECTIVO 5

INCLUSIÓN DIVERSIDADE ALUMNADO DXP

FÓRMULA DXP

A síntese da "FÓRMULA DXP" para esta década exprésase do seguinte xeito:

$$FACDXP = I3 + D + I3$$

INSTITUCIONALIZACIÓN
 INTERNACIONALIZACIÓN
 INNOVACIÓN

DIVERSIDADE

IGUALDADE
 INCLUSIVIDADE
 IMPACTO SOCIAL



OBXECTIVO 1

INSTITUCIONALIZACIÓN COMPLETA: VIRTUALIZACIÓN ACADÉMICA E INSTITUCIONAL (FACULTADE HÍBRIDA E INNOVACIÓN EDUCATIVA)///

O primeiro dos obxectivos estratéxicos ten relación directa coa consolidación dun proceso de institucionalización que arrinca a finais do século XX (curso 1999-2000) e chega ata a terceira década do século XXI, coa intención de crear unha nova lóxica híbrida de ensino-aprendizaxe no sistema universitario galego e español público e presencial, baseado nos valores de:

- ÉTICA PÚBLICA
- EQUIDADE
- INCLUSIVIDADE
- SUSTENTABILIDADE
- PROFESIONALIDADE
- INNOVACIÓN
- RESPONSABILIDADE SOCIAL

Virtualización académica e institucional: A Universidade de Vigo é unha institución de educación superior netamente presencial. Con todo, os grandes retos aos que nos enfrentamos nos próximos anos obríganos a procurar fórmulas creativas que, sen abandonar este carácter presencial e próximo á contorna, permita proxectarnos cara a outras partes de Galicia, España, América Latina e a propia Lusofonía a través da virtualización dos nosos títulos. Así, pretendemos consolidarnos como referente da innovación educativa da Universidade de Vigo e do Sistema Universitario de Galicia.



OBXECTIVO 2

INTERNACIONALIZACIÓN TITULACIÓNS DXP: LATAM, LUSOFONÍA, UNIÓN EUROPEA ///

"DXP, DE PONTEVEDRA PARA O MUNDO" é o segundo reto que nos propoñemos dende a **Facultade de Dirección e Xestión Pública** da Universidade de Vigo.

Porque sabemos que a innovación e hibridación permite que a **Facultade de Dirección e Xestión Pública** da Universidade de Vigo poida proxectar os seus títulos e redes de ensinanza-aprendizaxe e investigación dende o seu natural Campus de Pontevedra ata calquera recuncho de Galicia, España, a Unión Europea, América Latina ou a Lusofonía.

O **Grao en Dirección e Xestión Pública** e o **Máster en Dirección Pública e Liderado Institucional** conseguen deste xeito poñerse ao dispor do alumnado interesado en formarse en competencias, habilidades e destrezas "duras" e "brandas" para acadar adaptarse á complexidade das institucións e organizacións públicas-privadas-sociais das nosas sociedades globalizadas.

**VIRTUALIZAR
PARA INTERNACIONALIZAR**



OBXECTIVO 3

DESENVOLVEMENTO DO VIVEIRO TALENTO PÚBLICO JÚNIOR Y SENIOR ///

O talento do alumnado júnior e senior do **Grado en Dirección e Xestión Pública** e do **Máster en Dirección Pública y Liderado Institucional** está ao dispor das institucións públicas e das organizacións privadas e sociais que desexen incorporar aos seus equipos persoas responsables e profesionais centradas en resolver problemas.

Para potenciar a súa visibilidade e a súa disposición, a **Facultade de Dirección e Xestión Pública** dispón dun equipo que impulsa a creación de redes de empregadores das diferentes administracións públicas, privadas e sociais, que traballa ao redor da idea de **"Viveiro de Talento DXP"**, cubrindo as necesidades de emprego xeradas pola curva demográfica galega e española, e orientado ás institucións galegas, españolas, comunitarias, latinoamericanas e lusófonas cara ás nosas persoas egresadas adestradas en competencias profesionais, innovadoras e éticas.

Xornadas de captación de TALENTO na función pública

25 novembro de 2022
Captación de talento no corpo nacional de funcionarios
Senda Pontevedra
12.00h-14.00h

Formato webinars. Inscripción:
<https://www.etsia.usg.edu/webinars/funcionarios>
Universidade de Vigo



Organizado por: Facultade de Dirección e Xestión Pública
Departamento de Dirección e Xestión Pública
Facultade de Dirección e Xestión Pública
Universidade de Vigo



OBXECTIVO 4

CREACIÓN COMUNIDADE DXP ALUMNADO-ALUMNI: FORMACIÓN "LONG-LIFE-LEARNING" ///

Unha institución de educación superior, cos seus Campus, Centros e Departamentos, é algo máis que os seus recursos e procedementos técnicos e tecnolóxicos. Falamos de persoas que crean comunidades orientadas por propósitos comúns e con visión institucional a longo prazo. Este é o caso da **#ComunidadDXP** que ten como obxectivo transversal e sostible desenvolver a xestión dos títulos da **Facultade de Dirección e Xestión Pública** en común ("staff académico" ampliado), integrando ás persoas que pertencen ao equipo docente, ao persoal de administración e servizos, ao alumnado e aos e ás Alumni que contribúen a proxectarnos máis aló das fronteiras da Universidade de Vigo.

De aí o interese continuo e intenso que os diferentes equipos do Grao e do Máster realizaron dende hai máis de dúas décadas por conseguir manter conectados a cada promoción, así como ao alumnado que xa concluíu os seus estudos pero que pode estar interesado en volver participar de novas actividades de formación "long-life learning".



OBXECTIVO 5

INCLUSIÓN DIVERSIDADE ALUMNADO DXP ///

O elemento central da nova universidade pública presencial que está por chegar é a diversidade. Porque nela imos atopar alumnado “júnior” e “senior”, maior e menor de 25 anos, persoas empregadas e paradas, prexubiladas e xubiladas. Mulleres, homes e persoas non binarias de moitas culturas de Pontevedra, Galicia, España, Europa, América Latina e a Lusofonía.

E o común denominador de todos e todas é a súa diversidade: profesional, funcional, emocional, familiar, por suposto, cultural, social, política, económica. Diversidade é o denominador común dunha sociedade local-global que se está performando dende os inicios do presente século XXI e á que a Universidade pública presencial debe dar servizos de ensino-aprendizaxe, investigación e transferencia de maneira híbrida. A Facultade de Dirección e Xestión Pública leva anos orientando os seus títulos cara á inclusión desta diversidade do alumnado DXP que nos fai diferentes, máis sensibles á formación a partir de sistemas e procesos de docencia presencial-virtual, e de avaliación continua, adaptados ás necesidades do novo alumnado 2030.

FACDXP = I3 + D + I3

DIVERSIDADE

- ♥ Tú.
- ♥ Los tuyos.
- ♥ Los demás.
- ♥ La Admón. Pública



13.0

DIRECTORIO

ENDEREZO

Facultade de Dirección e Xestión Pública
Campus Universitario de Pontevedra. A Xunqueira s/n
36005 Pontevedra. Galicia, España

MAIL

decanatodxp@uvigo.gal

WEB

webfdxp.webs.uvigo.es

CONTACTO

Secretaría Decanato +34 986 801 877

Decano +34 986 801 875

**Vicedecanato Orzamentos, Mobilidade
Internacional e Calidade** +34 986 801 874

Vicedecanato Virtualización e Innovación Educativa +34 986 801 873

Secretaría Académica +34 986 801 876

Conserxería +34 986 819 999

Delegación Alumnado +34 986 801 871
delegacionalumnadodxp@uvigo.es

Equipo Investigación. Observatorio Gobernanza G3 +34 986 801 872
observatoriogobernanzag3@uvigo.es

WHATSAPP

+34 676 272 019





14.0

AGRADECEMENTOS

Máis de dúas décadas de proxecto DXP, de docencia do **Grao en Dirección e Xestión Pública** e do Máster virtual en Dirección Pública e Liderado Institucional supoñen a chegada de centenas de persoas, alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos.

O noso agradecemento a todas elas, e ás persoas graduadas e posgraduadas que xa forman parte dos equipos de profesionais das institucións públicas galegas, españolas, europeas, latinoamericanas e lusófonas.

O noso agradecemento, de xeito especial, ás organizacións públicas galegas e españolas, ás autoridades académicas españolas e latinoamericanas, ás empresas, PEMES e autónomos, e asociacións do terceiro sector que seguen apoiando os nosos títulos e ao alumnado que pasa por eles en forma de prácticas e actividades compartidas.

De todas elas e todos eles é a **Facultade de Dirección e Xestión Pública**.

Deles e delas depende que a Facultade, o Grao e o Máster continúen achegando formación e coñecemento para facer mellor as nosas institucións públicas, privadas e sociais, e xunto a elas, axudar a tomar mellores decisións sobre os problemas e retos que temos que afrontar de maneira colectiva para a presente década.